

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MIÑO

Aprobación definitiva da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Miño

Anuncio de aprobación definitiva da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Miño

Con data 2 do xuño de 2017 tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno na que se aprobou inicialmente a relación de postos de traballo do Concello de Miño.

No Boletín Oficial Provincial da Coruña número 124, de data do 3 de xullo de 2017, foi publicado o anuncio de aprobación inicial, abríndose o prazo dun mes para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxestións.

Presentadas alegacións, reclamacións ou suxestións no prazo establecido foron resoltas polo Pleno municipal, en sesión celebrada o 17 de outubro de 2017, na que se aprobou definitivamente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Miño.

Os efectos económicos derivados da aprobación definitiva da RPT serán efectivos o día 01.01.2018.

En cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, publícase a relación de postos de traballo do Concello de Miño

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO MUNICIPAL

Nas páxinas seguintes recóllese a relación de postos de traballo municipal correspondente á valoración dos postos de traballo.

Os campos e códigos incluídos nesta son os seguintes:

PERSOAL FUNCIONARIO

Cód.: Código do posto de traballo conforme se definiu na proposta de estrutura e na presente valoración de postos.

Denominación do posto: Denominación do posto de traballo.

Dot.: Número de dotacións de postos de traballo coas características descritas.

C.D.: Nivel de Complemento de Destino conforme se desprende da valoración do posto.

C.E.: Importe anual do Complemento Específico conforme se desprende da valoración do posto.

TP: Tipo de Posto; "S" se se trata dun posto singularizado e "N" noutro caso.

FP: Forma de Provisión; "C" se se trata de concurso; noutro caso, "L" para os postos de libre designación; "A" cando o posto sexa provisto por adscrición; "I" cando o posto, por ter encomendadas funcións expresamente cualificadas de confianza ou asesoramento especial, puidera ser desenvolto indistintamente por persoal funcionario ou eventual provisto por libre designación.

ADM: Adscrición a Administracións Públicas; "AL" funcionarios propios da Administración Local; "AE" Administración do Estado; "A1" Administración do Estado e das Comunidades Autónomas; "A2" Administración do Estado e Local; "A3" Administración do Estado, das Comunidades Autónomas e Local; "A4" outras adscricións aclaradas no apartado observacións.

Grupo: Adscrición a grupos.

Escala: Adscrición a escalas

Subescalas: Adscrición a subescalas

Titulación académica: Titulación mínima necesaria para ocupar o posto de traballo.

Formación específica: Outro tipo de formación específica necesaria para ocupar o posto aparte da académica.

Observacións: Comentarios e aclaracións a calquera dos aspectos anteriores ou non recollido nos apartados previos.

PERSOAL LABORAL

Cód.: Código do posto de traballo conforme se definiu na proposta de estrutura e na presente valoración de postos.

Denominación do posto: Denominación do posto de traballo.

Dot.: Número de dotacións de postos de traballo coas características descritas.

FP: Forma de Provisión; "C" se se trata de concurso; noutro caso, "L" para os postos de libre designación; "A" cando o posto sexa provisto por adscrición; "I" cando o posto, por ter encomendadas funcións expresamente cualificadas de confianza ou asesoramento especial, poderá ser desenvolto indistintamente por persoal funcionario ou eventual provisto por libre designación.

Dotación económica: Importe anual bruto de remuneración do posto de traballo laboral conforme se desprende da valoración do posto.

Titulación académica: Titulación mínima necesaria para ocupar o posto de traballo.

Formación específica: Outro tipo de formación específica necesaria para ocupar o posto aparte a académica.

Observacións: Comentarios e aclaracións a calquera dos aspectos anteriores ou non recollido nos apartados previos.

PERSONAL FUNCIONARIO

Cód.	Denominación do posto	Dot.	C.D.	C.E.	TP	FP	Adscripción				Titulación académica	Formación específica	Observacións
							ADM	Grupo	Escala	Subescala			
1000	SECRETARIO	1	30	30.799,94€	S	C	AE	A1	Habilitación Nacional	Secretaría	Licenciado nas carreiras previstas pola lexislación vixente	-	Cuberto
1004	ADMINISTRATIVO	1	20	9.879,05€		C	AL	C1	Administración Xeral	Administrativa	Bacharelato / Técnico	-	Cuberto
1005	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	16	7.736,61€		C	AL	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Graduado en ESO	-	Cuberto
1009	CONSERXE	1	14	5.081,44€		C	AL	AP	Administración Xeral	Subalterna	Estudios Primarios	-	Cuberto
2000	INTERVENTOR	1	30	30.799,94€	S	C	AE	A1	Habilitación Nacional	Intervención Tesourería	Licenciado nas carreiras previstas pola lexislación vixente	-	Cuberto
2001	TÉCNICO XESTIÓN ECONÓMICO FINANC.	1	24	12.653,24€		C	AL	A2	Administración Xeral	Técnica	Diplomado Universitario	-	Vacante. Cuberto con interino
2004	ADMINISTRATIVO INFORMÁTICO	1	20	11.087,61€		C	AL	C1	Administración Xeral	Administrativa	Bacharelato / Técnico	-	Cuberto
2005	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2	16	7.736,61€		C	AL	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Graduado en ESO	-	Cubertos
2100	TESOUREIRO	1	26	17.084,63€	S	C	AE	A1	Habilitación Nacional	Intervención Tesourería	Licenciado nas carreiras previstas pola lexislación vixente	-	Vacante
2101	TÉCNICO DE XESTIÓN	1	24	12.653,24€		C	AL	A2	Administración Xeral	Xestión	Diplomado Universitario	-	Vacante
2106	ADMINISTRATIVO	1	20	9.879,05€		C	AL	C1	Administración Xeral	Administrativa	Bacharelato / Técnico	-	Cuberto

Cód.	Denominación do posto	Dot.	C.D.	C.E.	TP	FP	Adscripción				Titulación académica	Formación específica	Observacións
							ADM	Grupo	Escala	Subescala			
3005	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	16	7.736,61€		C	AL	C2	Administración Xeral	Auxiliar		-	Cuberto
3100	OFICIAL XEFE DE OBRAS	1	18	14.301,28€		C	AL	C2	Administración Especial	Servizos Especiais		-	Cuberto
3109	OPERARIO	2	14	9.247,31€		C	AL	AP	Administración Especial	Servizos Especiais		-	Vacantes. 1 Cuberto por interino
4005	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	16	7.736,61€		C	AL	C2	Administración Xeral	Auxiliar		-	Cuberto
5007	OFICIAL DE POLICÍA LOCAL	1	20	11.170,01€		C	AL	C1	Administración Especial	Servizos Especiais		-	Cuberto
5008	POLICÍA LOCAL	3	20	9.521,98€		C	AL	C1	Administración Especial	Servizos Especiais		-	2 Cubertos 1 Vacante

PERSOAL LABORAL FIXO

Cód.	Denominación do posto	Dot.	FP	Dotación económica	Tipo de contrato	Titulación académica	Formación específica	Observacións
1005	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	3	C	21.281,19€	Fixo	Graduado en ESO	-	Vacantes. A Funcionarizar
1006	AUXILIAR ADMINISTRATIVO ADSCRITO AO XULGADO DE PAZ	1	C	21.281,19€	Fixo	Graduado en ESO	-	Cuberto. A Funcionarizar. Xomada de 5h diarias.
1007	TÉCNICO NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	1	C	27.212,43€	Fixo	Licenciado Universitario	-	Vacante
2105	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	C	21.281,19€	Fixo	Graduado en ESO	-	Vacante. A Funcionarizar
3000	ARQUITECTO	1	C	50.482,22€	Fixo	Arquitecto	-	Vacante. A Funcionarizar
3001	ARQUITECTO TÉCNICO	1	C	32.770,76€	Fixo	Arquitecto Técnico	-	Vacante. A Funcionarizar
4000	TÉCNICO SERV. SOC. COORD.	1	C	32.270,02€	Fixo	Licenciado en Psicoloxía	-	Cuberto. A Funcionarizar
4001	TRABALLADOR SOCIAL	1	C	28.299,14€	Fixo	Dip. Trabajo Social	-	Vacante. A Funcionarizar
4002	AEDL	1	C	27.639,93€	Fixo	Diplomado Universitario	-	Vacante
4101	TÉCNICO SOCIOCULTURAL	1	C	28.189,27€	Fixo	Diplomado Universitario	-	Cuberto
4105	AUXILIAR ADMINISTRATIVO ADSCRITO A TURISMO	1	C	21.830,54€	Fixo	Graduado en ESO	-	Cuberto. A funcionarizar
4104	AUXILIAR ADMINISTRATIVO ADSCRITO A BIBLIOTECA	1	C	22.929,23€	Fixo	Graduado en ESO	-	Cuberto. A funcionarizar

Contra a aprobación definitiva da RPT, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses. Previamente cabe interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que ditou o acordo, no prazo dun mes.

Miño, 20 de outubro de 2017.

O alcalde

Asdo.: Ricardo A.M. Sánchez Oroza

2017/9041